

Antón García

O PELEGRÍN VALENTE

COLECTIVO DE ESCRITORES DO EO-NAVIA
COTARELO VALLEDOR



© ANTÓN GARCÍA do texto asturiano orixinal *El Pelegrín Valiente*, **Lleo-Lleo 41**

© XAVIER FRÍAS pola versión eonaviega

Uha vella historia diz que o apóstolo Santiago o Maior, un dos doce Apóstolos de Xesus, predicou por España e que, ao morrer, enterráronno en Compostela, xunto ao Cabo de Fisterra, onde os antigos crían que terminaba a Terra. Ese lugar é a cidade de Santiago de Compostela. Desde hai máis de mil anos, moitos europeos puxéronse en camín para visitar esa tumba; ían a pé ou a cabalo, sólos ou en grupos que chaman confradías, para cumprir promesas, penitencias ou namais para desfrutar duha viaxe chêa de aventuras e sorpresas. Conta a lenda que a esos viaxeiros, os pelegríos, aparecíaselles ás veces Santiago montado no seu cabalo branco e axudáballes a salvar as dificultades que atoparen. Había varias rotas para chegaren a Compostela. Moitos pelegríos faían o camín por Asturias e visitaban San Salvador de Ovedo e a Cámara Santa, onde inda se guardan moitos ricos tesouros. A historia que ides ler pásase arredor do ano 1500.

1. PERE, O FOLGAZÁN

Na albergaría do lugarín de Olloniego hai case sempre uha chêa de traballo. Donina e o home, os albergueiros, non paran. Por iso donina anda todo o día tras do Pere, o fillo, para que llos bote uha mao:

– Anda, nenín, vai por leña...

Inda o Pere non se fexo á idea de ir por elo cuando xa lle vén a mai de novo con máis labor:

– Ala, meu cativín, trae agua da fonte.

Inda o Pere non dera collido a ferrada e xa volve a Donina:

– Que o meu retollo varra nas escaleiras

E o Pere aguanta un pouco máis e fai que traballa, mais namais até que a mai se vira de costas. Daquela agarra o vasoiro como se for uha espada e corre pola albergaría toda tras de bruxos imaxinarios, fai batalla con dragoes terríbeles, desencanta princesas e tesouros. Pere dá vasoirazos ao ar sen tocar na polveira, até que sinte outra volta a voz da mai:

– Pero inda estamos así, folgazanín? Veña, imos sacar o pan do forno!

"Bon traballo para un guerreiro valente este de andar todo o día a lavar, a varrer e a fregar!", pensa o rapaz.

A verdade é que ao Pere non lle presta miga fer as xeiras da casa e fai o que pode; or iso na vila chámanlle Pere, o *Folgazán*.

E entrementres, uha tarde chega polo camín francés xente a pé e a cabalo vestida de pelegrín. Pere sabe muito ben que van pasar a noite na albergaría... para lle daren máis traballo! O rapacín ten que sentar nun tallolo, cansado namais de o pensar.

– Somos uha confraría de Burdeos. Imos camín de Santiago, a pedir pola saúde da mía neta –diz con sotaque estranxeiro o home máis vello-. Queríamos chegar hoi mesmo a San Salvador de Ovedo, mais Guillelma, a mía neta, empiorou cōa viaxe e precisa guardar cama e recibir cuidados.

Un dos pelegríos baixa do cabalo uha rapacía que treme inda que vén envurullada nun cobertor. Lévana axina para a cama que queda libre no cuarto de Pere.

A ama Donina vai e vén dun lado para o outro: pon de comer, prepara camas, sen parar de mandar cousas ao home e ao fillo.

– Trae agua! Ceba os cabalos! Leva este caldo á nena dolente e queda cabo dela até ela tomalo!

Hai tanto traballo na albergaría que o Pere nin se re-
corda de xogar.

2. OS TRES TRABALLOS

Ao ameicer, os pelegríos seguen a súa viaxe.

– Guillelmina está mui frouxa para viaxar –diz o avolo atristallado–. Aquí quedará en bôas maos até volvermos de Santiago.

Entrementres, Guillelmina dorme sen se enteirar de nada. A calentura deixoula mallada e avolo non se despide dela para non a inquedar.

Pere dorme tamén. A Donina *esqueiceu* de chamalo: o fillo traballo tanto anoite que gañara uhas horas máis de sono. Á fin, o sol do mediodía esperta Guillelmina. Non se oe nada na casa.

– Onde están os meus e meu avolo? –pergunta espertando a Pere.

"Que sotaque máis prestoso ten –pensa o neno–. Semella simpática". Medio durmido vaise enteirar. Cabo dun pedacín volve e conta a Guillelmina que os pelegríos xa marcharon ben cedo e que, nuns días, volverán pola albergaría para a recoller.

Apesar da frouxeira que ten, a rapacina dá un pulo na cama e pon enriba do camisón a roupa de pelegría, sen gurgutar.

– Onde vas con tanta présa? –Pergunta Pere sorprendido.

– Despois de tantos días de viaxe, non vou quedar aquí. Quero chegar a San Salvador e xuntarme con meu avolo e cõa confraría.

Guillelma sal ás carreiras do cuarto.

Pere queda abraiado, non sabe o que faer. Asómase á ventá para chamala e ve que envrea para o castañeiral.

– O souto! –diz Pere.

Aquelos matos sempre lle puxeron certo medo. Na vila dicían que estaban embruxados. "E se houberse pantasma de verdade? –pregúntase algo asustado—. Inda que... un guerreiro valente non pode deixar só-la uha nena".

O rapacín sal tras dela, mais Guillelmina xa se perdeu entre as árbores.

"Non podo ir lonxe", pensa Pere. Despois duhas cuantas horas, atópala nun recanto do souto, acuruxada contra un toro e mui branca.

"De seguida vai anoitecer. Non sei se volver para a casa con Guillelma, salir ás carreiras, ou se ir buscar axuda", pensa o pobre Pere chen de angustia.

No souto comezan a se sentir gruñidos e ouveos de lonxe... Que ruído é ese? "Parece o trotar dun cabalo", diz Pere para si.

De súpeto xorde entre os castañeiros un pelegrín montado nun cabalo branco ben guapo. É un home alto e rexo, con facha de nobre e barba longa.

– Pódovos axudar?–pregunta–. Paréceme que estades en apuros. Precisades un cabalo".

A Pere os ollos sálenlle das órbitas:

"Que cabalo! E ao mellor déixanolo!"

O pelegrín baixa do cabalo, abéirase de Guillelma e tócalle a testa.

– Para a túa amiga sandar, has faer tres traballos – diz mirando para Pere–. Prender un grande lume para que non pase frío, lavalala e peiteala nuha fonte tan cedo como ameiza e, ao cabo, conseguir que espi- rrie. Levade o cabalo, xa mo volveredes. Chámome Santiago. Perguntade por min, calquera havos dicer onde me atopardes.

E sen máis palabras, o estraño viaxeiro desaparece na sombra deixándolles o cabalo.

3. O DIABRO BURLÓN

Como lle prestaría a Pere subir no cabalo branco e dar uha voltía ao galoupe, pese a ser de noite! Guillelmina mira para el encolleita. Está alerciada.

O rapaz pensa no que lle dixera o pelegrín. Ha san-
dar a Guillelmina.

– Prender lume –pensa para si–. E de onde saco eu uha broxa para cortar na leña? Se ao menos tivese un cuitelo...

Pere mira por todas as partes. As xotas das arbres semellan maos grandôas, sítense bruídos que poen a carne de pita. Uha coruxa canta e outra respóndelle desde máis lonxe. O airazo xipra enguedellado nos crumes das arbres. Que medo pon o castañeiral! Pere nunca estivera fóra da casa até tan tarde, e menos no monte!

– Ai –diz en alto–, se Deus me axudase... Ou o di-
abro!

Da que vén de dicelo, sinte un estrondo formidable que medre e se achega onde elos. Daquén vén pe-
tando por entre os castañeiros e rindo ás gargalla-
das!

– O Diabro Burlón!! –diz de seguida Pere.

– Quen é ese diablo? –pregunta Guillelmina.

– Non teñas medo. É un diablo brincadeiro. Préstalle argallar cōa xente e poer medo, mais non é ruín. Mira.

O rapacín corre tras do ruído e da que van caendo as xotas, recolle a leña até que xa ten un bon brazado dela. Cuando o Diablo Burlón se dá cata que o Pere vai tras dos sous pés e non lle ten medo, para de rir e axina toma diante do rapaz a feitura dun burro mouro.

– Xusto iso é o que eu precisaba –diz Pere da que monta no burro cōa carga ao lombo.

Mais este burro non é tan nobre como o que ten na albergaría. Namais que Pere monta nel, o burro mouro empeza a erguerse, medra e mingua, muda a color... O neno agárrase como pode, faendo o posible por non caer. Daquela, o animal larga a correr e, de sotaque, detense diante de Guillelmina, que dá un berro e se esconde tras do cabalo. Pere e a leña dan uha volta polos ares e caen ao terrén.

O burro ri con grandes risotadas e búrlase de Pere.

– Tirulí, tiruleiro, bon che deixo o traseiro!

O rapacín érguese enrabechado, mais como non quer que o diablo o vexa enfocicado, dálle uha resposta ben rápido:

– Tirulí, tirulache, que comigo e a leña cargache!

Tanta rabiá lle produz ao diablo esta resposta que desaparece co rabo baixo as pernas.

4. A XANA

Pere prende uha fogueira entre uhas pedras. Quer estar esperto a noite toda para vixilar. Guillelma dorme enfoutada cabo do lume. O rapacín, ben canso, dá caído no sono tamén.

Recobra o sentido da que sinte un rabuño no lombo. É un esquío que se achegara onde eles na procura da calor da fogueira.

– Ola –salúdalo Pere–. É que non teis medo? Ques ficar connosco? Vou chamarte Quío.

O esquío míralo con atención e logo déixase acariñar. Cuando aparece que vai alborear, o neno espera Guillelmina para seguiren entrambos o camín. Pola noite tomara a determinación de ir con ela deiquia Ovedo. O esquío acompáñalos dando brincos entre os castañeiros. Á nena agrádanlle a voltas e reviravoltas do novo amigo.

De repente os tres viaxeiros sinten o ruxir da agua duha fonte e un canto gaioleiro. No medio duha ferrenza está uha xana ben guapa que pentea o cabelo cun escarpizo de ouro.

As xanas acovardan doadamente e por iso non se fían de ninguén. Mais esta, en vendo o esquío cos ne-

nos, non se esconde. Está segura de que non corre perigo nengún.

– Ah, xana irmá, precisamos ese escarpizo para esta nena sandar... –diz Pere namais vela.

– Dar, daréivolo –responde a xana–, mais primeiro quero dar uha galopada nese cabalo.

– Muito ben –acepta o neno, axudando a Guillelma a baixar.

Mais a xana segue a falar co rapacín.

– Inda non acabei. Tras do ollo da fonte está a mía cova. Mentres eu dou esa volta, tu has varrela e desengueirala, has tecer un lenzo e has darlle o almorzo ao meu xanín en cuanto desperte.

Sen lle dar tempo a protestar, a xana monta no cabalo e sal ao trote.

Pere. Guillelma e Quío entran na cova e quedan marabillados: alí dentro todo é de ouro, as paredes, os mobles, a louza, o fío para tecer, a cesta...

Mais non hai tempo que perder, así que Pere apaña un vasoiro de ouro eponse a varrer a toda a présa até o derradeiro recanto da cova. Quío, o esquío, amorea por un lado as moedas de ouro tiradas polo chao e por outro uha pía de ovos de ouro. Despois entre os dous meten pitas e galos de ouro no poleiro de ouro.

Da que a casa queda aviada, Pere senta diante do tear e tece no lenzo que lle encargara a xana.

– Sabes faer uha chêa de cousas –diz a rapacía marabillada.

Cuando desperta o xanín no ran de ouro, Pere prepáralle o almorzo e dállo.

Por fin volve a xana e ponse ben leda de ver a súa casa toda acuriosada.

– Toma o meu escarpizo –diz– e volve cuando queiras, que o rebumbio da casa espera por ti.

"Mialma! Nunca pensei que os labores que me aprendera mía mai ían servirme para volar nun tesouro –pensa Pere mirando satisfeito o escarpizo de ouro–. Imos ver se vale para algo..."

5. O CUÉLEBRE

Tal como lle dixeran o pelegrín do souto, ao riscar o día Pere lava a Guillelmina na fonte da xana e penteálala co pente de ouro. Despois a sorrí toda alegre.

Pere está sorprendido.

– Ah, nía! Peime que estás muito mellor...

– Si, ho. Non imos parar máis pola mía culpa –diz ela mui espavilada–. Ovedo xa debe andar cerca.

Pere camiña todo pensativo mentres acariña Quilo, que agora vai guardado na alxaba.

"O pelegrín dixo que o terceiro traballoera faer espiñar a Guillelmina –recorda o rapaz–. Para iso o mellor é sería ferlle cóxegas no nariz cuha pluma de cuélebre, mais quedan tan poucos, que as plumas salen mui ben caras. Se atopase un, roubáballe uha pluma..."

Daquela lémbrese da historia que contaban nas portas do Convento de Santo Domingo nas portas de Ovedo. Dizque foi un animal espantoso e feo que daquela xa andaba algo vellín e mesmo nin sale da cova. Contan tamén que se te abeiras a La Fontica, óeslo alentar...

– Primeiro hai que o durmir –diz Pere en alto.

– Durmir o que? –Pergunta Guillelmina.

– Non cho podo dicer. Tu ten fiúza en min e non señas preguntôa

A rapacía xa non insiste máis.

En chegando á altura do convento, Guillelmina e o cabalo sepáranse uns metros do portón.

Pere e Quío envredan para a cocía do convento, procurando non seren vistos por ninguén. A esas horas, todos os freires están a rezar. O celeiro está chen de sacos de cebeira e de faría, de pezas de fruta e avelás, de carne salgada, peixe afumado e fogazas de pan...

Quío dá pulíos de contento. Casca uha avelá, mergulla nun saco de faría de trigo e reaparece todo branco. Despois revólcase entre a faría de meiz e sal todo marelo.

– Este si que é un bon sito para vivir –dizlle Pere–. Axudáchenos muito, mais non podes entrar en Ovedo connosco.

Entretanto, o rapaz arroxou no forno e amasou uha brôa na maseira. É un pan mui especial porque leva dentro uha pedrôa. Axina que coce o pan, sen deixalo esfrecer, corre como un can para La Fontica, tírallo ao cuélebre e espera.

Pouco despois escúitalo roncar.

6. SAN SALVADOR

Pere e Guillelmina saltan de ledicia: a rapacía está curada de todo.

Desde ese momento é imposible faerlle calar. Guillelma fala e fala contándolle cousas do sou país, dos sous amigos, da súa familia e da viaxe. "Que calada parecía!", pensa o Pere.

Uha muralla muito alta rodea Ovedo. Polas portas da muralla entra e sal un fornigueiro de xente: hai muitos pelegríos.

Por riba dos tellados das casas vese o andamio da catedral de San Salvador. As tendas do mercado ofrecen aos viaxeiros ciguas de acibache, sandalias, roupa, perdoes, comida...

Guillelma diz a Pere:

– Imos. Hei achar a meu avolo. A nosa confraría ía visitar a Cámara Santa antes de seguir camín de Compostela.

Ao entrar na catedral, que alegría! O avolo de Guillelma e toda a confraría de Burdeos están alí.

O avolo abraza a Guillelmina e chora feliz ao vela sá. Ela relata as aventuras maravillosas que se pasaran a outra noite.

– E gracias a Pere e aos consellos do pelegrín, estou curada –diz para rematar.

A confraría decide alí mesmo nomar a Pere Membro de Honra e Pelegrín Valente.

Despois, os rapacíos visitan a Cámara Santa. O avolo explícalles:

– Aquí guárdanse desde hai séculos tesouros muito valiosos. Aquela cruz, a dos Ánxeles, dizque está feita por dous pelegríos que resultaron ser dous ánxeles. E esoutra, a da Victoria, é a que levaba Pelao na batalla de Covadonga.

Os nenos miran fascinados. Dese xeito cae a noite. Todas as albergarías están arriquitadas de xente e hai que durmir na catedral, como é costume entre os pelegríos.

Pere non é quen de durmir. "E pensar que enantes non quería axudar nas labouras da casa e que agora sou o Pelegrín Valente por mor diso! –diz para si– Mañá hei ir a Compostela no cabalo branco, como un cabaleiro de verdade".

De mañá a confraría dispónse a seguir o sou camín. Pere vai na cata do cabalo branco.

– Xa non o precisas –dizlle daquén.

É Santiago, o pelegrín do souto.

– Pode que outro pelegrín teña máis necesidade del, Pere. Se queres, podes viaxar comigo. Eu tamén vou camín de Compostela.

Pere dubida, mais decídese célere: non irá con el.

"É mellor devolverlle o cabalo, non seña que me mande outros tres traballos. Por uha vez xa abonda. Prefiro ir con Guillelmina, que é muito máis prestosa. Ademais, vou mudar o escarpizo de ouro da xana por dous cabalos, un para ela e outro para min".

Santiago sorrí como se adiviase o que pensa Pere. E sen máis, monta o cabalo branco e desaparece en dirección a Compostela.